



INICIATIVAS

Accións concretas para afrontar os efectos adversos do clima e desenvolver a xustiza climática



HOLANDA

PIXABAY

En **Holanda**, nas zonas máis vulnerables ás inundacións, constrúense casas que poden flotar en caso de crecidas no nivel do mar.

No **delta do río Mekong, Vietnam**, os agricultores prepáranse para enfrontar inundacións que ameazan constantemente a zona, especialmente na tempada de tifóns, reforzando con diques, coa plantación de mangleiro, e aprendendo a nadar. Tamén usando salvavidas.




VIETNAM

PIXABAY

Observar a diferenza entre Holanda e Vietnam

CATEQUESE DE MOZOS (INICIATIVAS)



En **Bengala Occidental (India)**, as mulleres que viven nos poboados do delta do Ganges traballan na construción de plataformas elevadas de bambú, coñecidas como *machan*, que ofrecen refuxio durante as inundacións da época dos monzóns.



En **Bangladesh**, as persoas que viven en chars, illas moi vulnerables ás inundacións que desaparecen durante o monzón, levantan as súas vivendas, con pilotes ou diques elevados, sobre o nivel das inundacións.



En **Bangladesh** as campesiñas constrúen “xardíns flotantes” nas zonas susceptibles de inundacións. Son plataformas de xacintos onde cultivan vexetais.

En **Sri Lanka**, comezouse a experimentar con variedades de arroz que resisten a intrusión de auga salgada e que poden sobrevivir con menores cantidades de auga.

